

NANOMATERIAIS NA CONSTRUCCIÓN

Son empresario/a, Que debo facer?



1. Promover a integración da PRL nano

- Coñezo a miña obrigación legal de garantir a seguridade e a saúde no traballo con nanomateriais.
- Sei que produtos conteñen nanomateriais, cantas persoas os utilizan e en que actividades.
- Sigo os dous principios da OMS: principio de precaución e de xerarquía de control.



2. Integrar de arriba abaixo a PRL nano na actividade da empresa

- A dirección da empresa, a xefatura de obra, as persoas responsables de prevención, a representación do persoal traballador e o departamento de compras están informados e formados sobre as súas responsabilidades e obrigacións na prevención nano.
- Todo o persoal da empresa coñece o papel que ten o Servizo de Prevención de Riscos Laborais e colaboran con este.
- A coordinación de actividades empresariais ten en conta a prevención de riscos laborais nano.



3. Garantir información, formación e participación efectiva

- Informo sobre os produtos con nanomateriais que poden poñer en risco a seguridade e saúde do persoal traballador e comunico os resultados da avaliación de riscos por nanomateriais e dos accidentes e incidentes.
- Sinalizo os produtos que conteñen nanomateriais e as zonas de traballo nas que se manipulan.
- Formo ás persoas para traballar de forma segura con produtos que conteñen nanomateriais.
- Poño a disposición un medio de consulta directo coa empresa para cuestións relativas á seguridade e saúde no traballo con nanomateriais.
- Periodicamente a Dirección realiza visitas de obra sobre PRL e pon especial énfase na prevención nano.



4. Valorar a integración da PRL nano

- Verifico que a formación que se lle dá ao persoal é de carácter práctico e se aplica.
- Verifico que as áreas de traballo con nanomateriais estean sinalizadas.
- Verifico que se seguen as medidas de control establecidas no Plan de prevención de riscos nano.
- Manteño activa a cooperación en prevención nano coas empresas subcontratadas e o seu persoal.
- Verifico que os produtos con nanomateriais que se compran están inventariados, teñen as súas fichas de datos de seguridade e están convenientemente sinalizados.
- Verifico que se realiza a vixilancia da saúde individual e colectiva considerada e acordada coa área Médica do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

